



RESUMO BÁSICO: CONVOCATORIA REDUCION XORNADA 2015

CONVOCATORIA: Resolución do 22 de decembro de 2014 da Secretaría Xeral da Igualdade pola que se regulan as bases para a concesión das axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE), e se procede a súa convocatoria para o ano 2015 (DOG Nº 9, do 15/01/2015).

Persoas beneficiarias (artigo 4º)

- Homes, traballadores por conta allea, que se atopasen en situación de redución da xornada entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2014.
-
- Familias monoparentais (homes ou mulleres) que se atopasen na dita situación.

Nota: Por familia monoparental entenderase o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou as fillas menores ao seu cargo.

Obxecto e accións subvencionables (artigo 5º)

Contribuír á conciliación da vida familiar e laboral, fomentar a corresponsabilidade e impulsar o cambio dos roles, implicando aos varóns na atención e o coidado dos seus fillos e fillas e facilitando o mantemento, das traballadoras que teñen responsabilidades familiares, no mercado de traballo. Serán subvencionables as seguintes situacións:

- Traballadores que, entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2014, tivesen unha situación de redución da súa xornada de traballo para o coidado dun/unha fillo/a menor de tres anos ou menor de 12 anos no suposto de que padeza unha discapacidade recoñecida de porcentaxe igual ou superior ao 33%.
- E, os traballadores que, cumprindo os mesmos requisitos, adopten un/unha menor ou o/a teñan en situación de acollemento familiar, permanente ou preadoptivo.

Nota: Neste suposto para ter dereito a axuda non poderán ter transcorrido máis de tres anos dende a data da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou da resolución xudicial pola que se constitúe a adopción. En calquera caso o/a fillo/a polo/a que se solicita a axuda terá que ser menor de 12 anos.

Contía das axudas (artigo 6º)

Dende 1.600 aos 3.600 euros, en función da porcentaxe de redución da xornada e do número de menores ao seu cargo.

Nota: Cando a xornada se realice a tempo parcial, ou cando o período subvencionable sexa inferior ao máximo (8 meses), as contías das axudas reduciranse proporcionalmente.

Réxime de concesión (artigo 1º.2)

A concesión destas axudas realizarase na modalidade de pagamento único e de forma continuada, isto é por riguroso orde de entrada das solicitudes ata ata esgotar o crédito orzamentario.

Presentación de solicitudes e prazo (artigo 7º)

Presentación: Na sede electrónica da Xunta (vía telemática), a través do formulario dispoñible en: <https://sede.xunta.es>; en papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, (de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común); ou, nas oficinas de correos. En caso de enviarse por correo, o envío deberá ser certificado, co selo de correos na primeira folla do formulario para garantir para garantir a data de presentación.

PAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: Dende o día **16 de xaneiro** ata o **20 de febreiro de 2015**.